

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PLAN DE CONTROIS ADMINISTRATIVOS E SOBRE O TERREO ESPECÍFICOS DAS AXUDAS DE AGROAMBIENTE E CLIMA, AGRICULTURA ECOLÓXICA E ZONAS CON LIMITACIÓNS NATURAIS

04 de setembro de 2017

1.- *Introdución.*

Establécese no presente documento o Plan de controis administrativos e sobre o terreo específicos das solicitudes de pago correspondentes a campaña 2017 para as medidas de agroambiente e clima (10.1), agricultura ecolóxica (11.1 e 11.2) e zonas con limitacións naturais (13.1 e 13.2) contempladas no PDR de Galicia 2014-2020, que cumpran co establecido na Orde do 31 de xaneiro de 2017 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, dentro do ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- *Antecedentes.*

O artigo 67.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 establece a aplicación do sistema integrado a certas medidas de desenvolvemento rural entre as que se encontran as medidas obxecto deste Plan de controis. A este respecto, dado que o sistema integrado tamén inclúe aos réximes de axuda do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1307/2013, todas as circulares, notas interpretativas e demais elementos de coordinación elaborados polo FEGA a eses efectos (superficies, animais, agricultor activo, condicionalidade, SIGPAC, bases de datos...), serán igualmente de aplicación para as medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado. Ademais, o presente Plan de controis desenvólvese no marco do “Plan Galego de Controis FEADER” que establece os principios básicos e as disposicións particulares de aplicación en materia de planificación e execución dos controis nas medidas de desenvolvemento rural incluídas no PDR de Galicia 2014-2020, así como nas directrices do correspondente Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014/2020, establecido polo FEGA para todo o territorio nacional. Este Plan poderase complementar mediante Normas ou Instrucións complementarias elaboradas para aclarar ou precisar determinados aspectos.

3.- *Controis das solicitudes.*

As solicitudes e outras declaracións controlaranse de forma que se garanta a comprobación real do cumprimento das condicións establecidas para a concesión da axuda e dos pagamentos. Para iso, controlaranse os criterios de priorización, criterios/requisitos de admisibilidade, compromisos e outras obrigas, incluídos os elementos da liña de base, establecidos no PDR mediante controis administrativos, e, cando proceda, sobre o terreo.

As solicitudes e outras declaracións someteranse a unha revisión para a detección de omisións ou inconsistencias. Nestes casos de omisións ou inconsistencias, unha vez comprobado que non son debidas a erros da Administración, será de aplicación o artigo

68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes e outras declaracións poderán corrixirse e modificarse en calquera momento despois da súa presentación sempre que se trate de erros obvios recoñecidos sobre a base dunha avaliación global do caso concreto e sempre que o beneficiario actuase de boa fe. Soamente se recoñecerán como erros manifestos aqueles que poidan detectarse directamente nun control administrativo da información que figure nos documentos indicados.

Por outro lado, as solicitudes e calquera outra declaración poderán retirarse total ou parcialmente, en calquera momento por escrito quedando un rexistro de tal retirada. Non obstante, cando a se informe ao beneficiario da existencia de irregularidades nos documentos mencionados ou se avise da intención de efectuar un control sobre o terreo ou cando un control sobre o terreo poña de manifesto posteriormente irregularidades, non se permitirá retirar as partes afectadas polas devanditas irregularidades. As retiradas poñerán os beneficiarios na situación en que se encontraban antes da presentación dos documentos en cuestión ou de parte deles.

No anexo I establécese a táboa de incompatibilidades para as medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado correspondente ao ano 2017 ao obxecto de evitar a posibilidade de recibir dobre financiación entre elas.

4.- Método de control e xustificación dos criterios de priorización, criterios/requisitos de admisibilidade, compromisos e outras obrigas.

O método de control e xustificación dos criterios de priorización, criterios/requisitos de admisibilidade, compromisos e outras obrigas en cada medida son os que se indican no anexo II deste Plan.

5.- Procedemento para a realización dos controis administrativos

Os controis administrativos faranse empregando a aplicación informática SGA e no caso das medidas 10.1 e 11 tamén a aplicación informática AGACLI para o control dos seus requisitos e compromisos específicos.

Efectuaranse controis administrativos de todas as solicitudes e outras declaracións presentadas. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancia. As irregularidades detectadas serán obxecto de seguimento mediante calquera outro procedemento administrativo axeitado e, cando se considere necesario, mediante un control sobre o terreo.

Os controis abrangerán todos os elementos que sexa posible e axeitado comprobar administrativamente.

Estes controis terán en conta os seguintes puntos:

- a) Considerarán os resultados dos controis cruzados establecidos no artigo 29 do Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014 e as comprobacións efectuadas por outros servizos, organismos ou organizacións co obxecto de evitar a dobre financiación.
- b) Nas medidas 10.1 e 11 comprobarase o cumprimento dos compromisos a longo prazo controlando en particular a aqueles beneficiarios que non presentaran a solicitude de pago. Para elo, realizarase un seguimento de ditos beneficiarios con

a información dispoñible e recadándolles, cando proceda, información adicional sobre o mantemento dos compromisos.

- c) En canto aos requisitos/compromisos relacionados coa carga gandeira, esta determinarase de acordo co indicado no artigo 7.1.b) do Regulamento Delegado (UE) nº 807/2014 e co establecido no correspondente apartado das fichas destas medidas do PDR de Galicia 2014-2020.
- d) No caso dos pastos permanentes, utilizarase o coeficiente de admisibilidade (CAP), e cando unha superficie sexa utilizada en aproveitamento común, procederase ao seu reparto entre os beneficiarios de forma proporcional ao seu dereito de utilización desa superficie. Deberase dispoñer dun certificado de adxudicación coa porcentaxe de asignación de superficie e verificarase que a suma das adxudicacións non supera a superficie total das parcelas obxecto de adxudicación.

6.- Procedemento para a realización dos controis sobre o terreo e mostra de controis prevista.

Procedemento de selección da mostra de control:

Non formarán parte do universo de control as solicitudes que se considere que non cumpran as condicións de admisibilidade tras os controis administrativos. Cando un beneficiario sexa seleccionado para control sobre o terreo poderase decidir controlar outras medidas, submedidas ou tipos de operación que teñan un sistema de control similar.

En primeiro lugar seleccionarase aleatoriamente o 20% ao 25% do número mínimo de beneficiarios que deba ser obxecto de controis sobre o terreo. O número restante de beneficiarios seleccionarase mediante unha análise de riscos. En calquera caso, se o número de beneficiarios que ten que ser obxecto de controis sobre o terreo supera o número mínimo de beneficiarios, a porcentaxe de beneficiarios seleccionados aleatoriamente na mostra adicional non superará o 25%.

Os criterios de risco específicos para as medidas obxecto deste plan son os que se recollen no anexo III.

A eficacia das mostras de risco avaliarase e actualizarase anualmente do seguinte modo:

- a) determinando a pertinencia de cada factor de risco;
- b) comparando os resultados no que respecta á diferenza entre a superficie declarada e a superficie determinada da mostra de risco e da seleccionada aleatoriamente; comparando os resultados no que respecta á diferenza entre os animais declarados e os animais determinados da mostra de risco e da seleccionada aleatoriamente; comparando os resultados no que respecta ao cumprimento de compromisos da mostra de risco e da seleccionada aleatoriamente;
- c) tendo en conta a situación específica e, no seu caso, a evolución da pertinencia dos factores de risco;
- d) tendo en conta a natureza do caso de incumprimento que dá lugar ao incremento da porcentaxe de control.

Independentemente do indicado neste apartado, cando non se realicen mostraxes específicas, recoméndase realizar controis dirixidos naquelas medidas e submedidas que non fosen seleccionadas para o control sobre o terreo, co obxecto de coñecer a taxa de erro, obter información axeitada e valorar a verificabilidade e controlabilidade destas.

Igualmente, realizaranse controis dirixidos aos beneficiarios con compromisos plurianuais que non presentasen a solicitude de pagamento e a xuízo da comunidade autónoma non estea debidamente xustificado o mantemento dos devanditos compromisos tras a realización dos controis administrativos.

Adicionalmente, poderanse realizar outros controis dirixidos cando por razóns fundadas se considere oportuno, tendo en conta que estes controis non computan na porcentaxe de control obrigatorio.

A selección das mostras debe quedar rexistrada de forma que se garanta a trazabilidade da mostraxe e sexa revisable cada ano.

Cando se aplique a diminución na penalización por sobredeclaración na medida 13 (tarxeta amarela), levaranse a cabo controis sobre o terreo de seguimento durante o ano seguinte, salvo cando a sobredeclaración dea lugar a unha actualización do SIGPAC que a xustifique. Os devanditos controis non computan na porcentaxe de control obrigatorio.

Porcentaxes de control:

A porcentaxe de controis sobre o terreo efectuados anualmente abranguerá como mínimo ao 5% de todos os beneficiarios que soliciten acollerse ás medidas obxecto deste plan. Para as medidas 10 e 11, a porcentaxe de control do 5% tamén se alcanzará con respecto a cada medida.

Variación das porcentaxes de control establecidas:

Cando os controis sobre o terreo poñan de manifesto a existencia de casos de incumprimentos significativos na mostra seleccionada (a nivel de medida, submedida ou tipo de operación) en relación cunha medida determinada ou nunha rexión ou parte desta, aumentarase a porcentaxe de beneficiarios que deban ser sometidos a controis sobre o terreo o ano seguinte. Para elo aplicarase o procedemento sobre o incremento dos controis exposto no Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014/2020.

Mostra de controis prevista:

Para o ano 2017 e á vista dos resultados dos controis sobre o terreo do ano 2016 establécense as seguintes porcentaxes mínimas de control:

- Medida 10 Agroambiente e clima, un 5% dos 4053 solicitantes, é dicir, 203. Para asegurar os controis mínimos indicados seleccionáronse 213 expedientes para control que representan o 5.25% . A maiores, foi incluído na *mostra manual* un expediente.
- Medida 11 Agricultura ecolóxica, un 5% dos 316 solicitantes, é dicir, 16. Para asegurar os controis mínimos indicados seleccionáronse 20 expedientes para control que representan o 6.33%. A maiores, foi incluído na *mostra manual* un expediente.
- Medida 13 Axudas, zonas con limitacións naturais, un 6,21% dos 15.194 solicitantes, é dicir, 944 expedientes.

Contido do control:

Os controis sobre o terreo exerceranse sobre todas as parcelas agrícolas e terras non agrícolas polas cales se solicite axuda.

Os controis sobre o terreo deberán abranger a medición das superficies e a comprobación dos criterios de priorización cando proceda, criterios/requisitos de admisibilidade, compromisos ou outras obrigas. En particular, terase en conta o seguinte:

- Con respecto á medición de superficies atenderase ao establecido no artigo 38 do Regulamento de Execución (UE) n.º 809/2014.
- Para verificar a admisibilidade das parcelas agrarias empregaranse todos os medios que se consideren axeitados. Esa verificación tamén deberá incluír, se é o caso, unha comprobación dos cultivos e solicitaranse probas adicionais cando sexa necesario (facturas de sementes, aboamentos e produtos fitosanitarios, caderno de explotación, toma de mostras, certificados e cursos de manipulación de fitosanitarios...).
- Nas medidas de axuda relacionadas cos animais (Razas autóctonas en perigo de extinción), o control sobre o terreo efectuarase de acordo ao indicado no 42 do Regulamento de Execución (UE) n.º 809/2014. Os controis indicados no artigo 42.2 do dito Regulamento poden realizarse a partir dunha mostra que deberá garantir un nivel de control fiable e representativo. Os criterios para a selección desa mostra son os que se indican no anexo IV no que se recollen as instrucións para os controladores.
- Para as medidas de axuda por superficie que teñan algún aspecto relacionado con animais, como por exemplo a carga gandeira, realizarase un conteo destes.
- A información relevante obtida dos controis sobre o terreo utilizarase como notificación cruzada, para actualizar datos do SIGPAC e outras bases de datos e, en caso de detectar problemas de verificabilidade e controlabilidade notificaráselle á Autoridade de Xestión.

Execución dos controis:

Os controis executaranse empregando a aplicación informática SGAMcc e seguindo as instrucións que se indican no anexo IV.

7.- Os criterios de risco.

Os criterios de risco para a selección da mostra de control son os que se indican no anexo III.

8.- Calendario para a realización de los controles sobre o terreo.

Tendo en conta a tipoloxía dos requisitos de admisibilidade, compromisos e outras obrigas destas axudas, os controis sobre o terreo poderán realizarse en calquera momento do ano xa que a maior parte desas comprobacións realízanse sobre superficies de pastos, animais e/ou colmeas que estarán presentes nas explotacións durante todo o ano. En calquera caso, os controis realizaranse preferentemente na segunda metade do ano xa que os requisitos e compromisos son perfectamente verificables nese momento e ademais permite facer unha comprobación da coherencia da verificación administrativa do censo de animais aos efectos do cálculo da carga gandeira mediante un conteo dos animais presentes na explotación no momento do control sobre o terreo.

A duración dos controis sobre o terreo limitarase estritamente ao prazo mínimo necesario, de forma que queden concentrados no menor período de tempo posible.

Os controis sobre o terreo poderanse anunciar, sempre que non se comprometa o obxectivo perseguido. O aviso limitarase estritamente ao prazo mínimo necesario e non excederá de 14 días. Non obstante, cando se trate de controis sobre o terreo relacionados cos animais, o aviso mencionado non poderá exceder de 48 horas, agás nos casos debidamente xustificadas. Cando para algunha medida ou submedida se requiran controis de superficies e de animais, e ambos os dous non poidan realizarse á vez, o control de animais realizarase primeiro para dispoñer de ata 14 días para o control de superficies.

9.- Cesión de explotacións

De acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao Sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, cando despois de presentarse unha solicitude de axuda ou de pagamento e antes de que se cumprisen todas as condicións para a súa concesión, unha explotación sexa cedida por un beneficiario a outro na súa totalidade, non se concederá axuda ningunha ao cedente en relación coa explotación cedida.

As axudas solicitadas polo cedente concederanse ao cesionario sempre que:

- a) O cesionario informe ao Fogga antes do 31 de outubro do ano de solicitude e solicite o pagamento da axuda.
- b) O cesionario presente, no mesmo prazo, o documento de cambio de titularidade da explotación.
- c) Se cumpran todas as condicións para a concesión da axuda respecto da explotación cedida.

Unha vez que o cesionario informase o Fogga e solicitase o pagamento das axudas:

- a) Todos os dereitos e obrigas do cedente que deriven da relación xurídica xerada pola solicitude de axuda ou a solicitude de pagamento entre o cedente e a autoridade competente transferiranse ao cesionario.
- b) Todas as actuacións necesarias para a concesión da axuda e todas as declaracións realizadas polo cedente antes da cesión asignaranse ao cesionario para os efectos da aplicación da normativa pertinente da Unión Europea.
- c) A explotación cedida considerarase, cando proceda, unha explotación independente en relación co ano de solicitude considerado.

4. Sen prexuízo do cumprimento da obriga de informar na forma e prazo indicados no punto 2 deste mesmo artigo, para os pagamentos a zonas con limitacións naturais, as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica, a concesión da axuda ao cesionario estará supeditada á comprobación do cumprimento por este dos requisitos unha vez que achegue a documentación pertinente.

5. En ningún caso serán de aplicación as disposicións sinaladas anteriormente cando a transferencia só afecte unha parte da explotación.

10.- Forza maior ou circunstancias excepcionais

As causas de forza maior e circunstancias excepcionais son as que contempla o artigo 2.2 do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 decembro de 2013, sobre a financiación, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE)

nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello, e que son as seguintes :

- Falecemento do beneficiario
- Incapacidade laboral de longa duración do beneficiario.
- Catástrofe natural grave que afectara gravemente á explotación.
- Destrucción accidental dos locais gandeiros da explotación.
- Epizootia, ou enfermidade vexetal que afectara a unha parte ou á totalidade do gando ou dos cultivos, respectivamente, do beneficiario.
- Expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude.

O beneficiario ou o seu dereitohabente deberá notificar por escrito ó Fogga os casos de forza maior ou as circunstancias excepcionais, axuntando as probas pertinentes, no prazo dos quince días hábiles seguintes á data en que estea en condicións de facelo.

Para as medidas obxecto de Agroambiente e clima e Agricultura ecolóxica cando un beneficiario non puidera cumprir o compromiso por motivos de forza maior ou circunstancias excepcionais, o pago correspondente retirarase proporcionalmente durante os anos nos que se producira o caso de forza maior ou a circunstancia excepcional. A retirada afectará solo ás partes do compromiso para as cales os custos adicionais ou o lucro cesante non se produciran antes de que ocorrese a forza maior ou as circunstancias excepcionais. Non se aplicará ningunha retirada en relación cos criterios de admisibilidade e as demais obrigas, nin se impondrán sancións administrativas.

Non se esixirá o reintegro da axuda recibida en anos anteriores e o compromiso ou o pago proseguirán nos anos seguintes, de conformidade ca duración inicial.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

A Directora do Fogga

Belén María do Campo Riveiro



ANEXO I




Compatibilidade/incompatibilidade entre líneas de axuda (1)

	Apicultura para a conservación da biodiversidade	Razas autóctonas en perigo de extinción	Xestión sostible de pastos	Extensificación do vacún de leite	Conversión agrícola ecolóxica	Conversión gandería ecolóxica	Conversión apicultura ecolóxica	Mantemento agrícola ecolóxica	Mantemento gandería ecolóxica	Mantemento apicultura ecolóxica	Mantemento gandería ecolóxica	Mantemento apicultura ecolóxica	Zonas con limitacións naturais distintas de montaña	Zonas con limitacións naturais distintas de montaña	Prima mantemento forestación
Medida 10.1	Apicultura para a conservación da biodiversidade	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Razas autóctonas en perigo de extinción	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Xestión sostible de pastos		Compatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Extensificación do vacún de leite			Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Incompatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
Medida 11.1	Conversión agrícola ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Conversión gandería ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Conversión apicultura ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Mantemento agrícola ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
Medida 11.2	Mantemento gandería ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
	Mantemento apicultura ecolóxica			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
Medida 13.1	Zonas con limitacións naturais distintas de montaña			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
Medida 13.2	Zonas con limitacións naturais distintas de montaña			Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Compatibles	Incompatibles a nivel de superficie
Medida 223 PDR 2007-2013	Prima mantemento forestación														Incompatibles a nivel de superficie

(1) Salvo que se indique outra cousa a incompatibilidade é a nivel de solicitante

ANEXO II

Comprobación (1) (RO)	Descripción	Verificación a realizar	Control administrativo	Control terreo	Apicultura para a conservación da biodiversidade (AMB)	Razas autóctonas en perigo de extinción (PRO)	Xestión soaible de pastos (XSP)	Entorreficación de vacas de leite (EVU)	Conversión apícola económica (COE)	Conversión ganadería ecolóxica (CGE)	Conversión económica (CE)	Mantenimento agrícola económica (MAE)	Mantenimento ganadería ecolóxica (MGE)	Mantenimento apícola económica (MAE)	Zonas con limitación natural de montaña	Zonas con limitación natural de montaña
V	Nas zonas aluminadas, só se permite o uso de unidades comprometéidas no seu conxunto. Os incrementos de produción de leite e de carne non se poden incrementar máis do 5 UOM.	Na solicitude o incremento de UOM no leite e de carne non se poden incrementar máis do 5 UOM.	S	N	---	X	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
II	Acomodamento: Efectividade de producións.	O beneficiario indica na solicitude unha unidade de acomodamento específico autorizada (inscrite no Reaseguro). A comprobación fícese por cruce conlla ese resumo.	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	---	---
R	Acomodamento: o beneficiario recibe a carne libremente.	A entidade indicadora polo solicitante está acomodándose. A comprobación fícese por cruce conlla o ficheiro informático enviado pola entidade de acordo co indicado no correspondente anexo. O cruce anual de comarcas.	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	---	---
R	Lotos de depuradora	Non se aplican lotos de depuradora en toda a superficie da explotación (cruce contra a base de datos de depuradora). O beneficiario debe presentar a declaración de lotos de depuradora sobre a terreo se resulta seleccionado na mostra).	S	S	---	X	X	X	---	---	---	---	---	---	---	---
R	Apicultura orbe	Verificar segundo o establecido na Circular de coordinación específica do Fega.	S	N	---	---	---	---	X	X	X	X	X	X	X	X
R	Apicultura no planctivo	Verificar que o solicitante é: Explotación primaria (pesca, lago ou ardiño) mediante promotoría de explotación; Explotación Primaria do Consello do Medio Rural ou ben se é ATP (só se é pensado físico) mediante consulta dos datos fiscais (RGA) e da Seguridade social.	S	N	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	X	X
II	Títular de explotación ganadería/producción en RE-AGRI-AUA.	Comprobación en SITRAN e no Reaseguro de Explotacións Agrarias de Galicia.	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
G	Ficheiro de datos de UOM primarias e secundarias que se inclúe na declaración de explotación.	Comprobar que se manteñen un número de UOM maior a 5 inscritas nos libros de explotacións, así como un período de explotación. En caso contrario, a entidade xestora do libro da raza e SITRAN e no seu caso, mediante control terreo.	S	S	---	X	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
C	Cruce ganadería: FRAXSP e UOM entre 0,7 e 2 UOMs (ambos incluídos), COE e MGE: <= 2 UOMs.	En razas autóctonas en perigo de extinción, só se aplica cuando se trata de ovino, caprino, equino ou bovino. A verificación fícese como se indica: UOM: Utilízase un valor medio calculado a partir dos censos ganaderos das especies de referencia. COE: Utilízase o número de explotacións en unidades de explotación. Para iso selecciónanse aleatoriamente (súchelo) un día do mes e os censos ganaderíos presentados na explotación meso día de cada un dos 6 primeiros meses do ano (homoxéneo) serán os que se leban en conta para calcular o número de UOMs. MGE: Utilízase o libro de raza e SITRAN. En caso de estar un produtor ou terreo fírese un censo de animais para verificar a súa coherencia cos censos utilizados para o cálculo do valor medio. Suposición formativa: Será a superficie da explotación con aproveitamento formado por explotacións de produción de leite e carne e no seu caso, IAA, o control sobre o terreo.	S	S	---	X	X	X	X	X	X	X	X	X	---	---
C	Mostras polo meses, o número de UOM primarias comprometéidas.	O número de UOM primarias que se comprometéidas fícese polo beneficiario e as comprobacións fícese en conlla e incrementos que produción no tempo do período de compromiso). Esta comprobación fícese mediante o certificado emitido pola entidade xestora do libro da raza e SITRAN e no seu caso, mediante control sobre o terreo.	S	S	---	X	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
C	Participar no programa de mellora genética das razas.	Esta comprobación fícese cos certificados emitidos polo entidade xestora do libro da raza.	S	N	---	X	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---




Consecución (1) (RC)	Descrición	Verificación - realizar	Control administrativo	Control in situ	Aculturación para a conservación da biodiversidade (AMB)	Razas autóctonas en perigo de extinción (RAE)	Existencia de pastos (ASP)	Extracción de xestión de leite (EVL)	Conversión agrícola ecolóxica (CAE)	Conversión gandeira ecolóxica (CGE)	Conversión específica ecolóxica (CPE)	Mantemento agrícola ecolóxica (MAE)	Mantemento gandeira ecolóxica (MGE)	Mantemento aplicación ecolóxica (MA)	Zonas con limitación natural de mentalidade	Zonas con limitación natural de diversidade
C	Superficie indemnizable <= 10 ha	Superficie indemnizable Comprometida (L6) e contabilizada a superficie de Galicia) e sen cumprir (L7) superficie de uso en común nin as superficies de interese ecolóxico que non son admitibles para esta liña. Verifícase en base a declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Superficie indemnizable >= 10 ha	Superficie indemnizable Comprometida (L6) e contabilizada a superficie de Galicia) e sen cumprir (L7) superficie de uso en común, nin os pastos abstratos ou abonados, nin as superficies de interese ecolóxico que non son admitibles para esta liña. Verifícase en base a declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Mensa a superficie comprometida	A superficie comprometida débese manter anual fronte á vida que non teñen que ser as mesmas parcelas permitíndose unha redución máxima do 10% da superficie sempre compensada mediante a proporción correspondente en termos de hectáreas. Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	En recintos con prado maior o 10% non se poden implantar cultivos, só se permite uso de pastos (praderas).	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	A superficie de millo e outras coltureas foraxeadas (distintos do prado) de menos de 5 anos) será <= 20% da superficie branzada da explotación.	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Realizar pastoreo polo menos sobre o 70% da superficie de prados e pastos permanentes da explotación	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Mantén un caderno de explotación co contido mínimo indicado na orde de comarcas.	O caderno de explotación terá como mínimo o contido que se indica para cada IRL, no correspondente anexo do orde de comarcas.	N	S	-	-	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-
C	UGOs animais maiores de 12 meses de idade do terreo de explotación permanentemente foraxeadas sen excepción o 70% da UGA da explotación	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-
C	A superficie de millo e outras coltureas foraxeadas (distintos do prado) de menos de 5 anos) será <= 25% da superficie branzada da explotación (prado ou pasto foraxeados e foraxeados)	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Realizar pastoreo no menos sobre o 50% da superficie de prados temporais e permanentes da explotación	Verifícase en base á declaración de superficies tras o controlo administrativo e, en caso de erro, tamén os controlos sobre o terreo.	S	S	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-
LB	RCAMs: Xestión mínima das terras que reflicte as condicións específicas locais	A verificación fícese mediante os controlos sobre o terreo.	N	S	-	-	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-
C	Aplicar a produción integrada de acordo coa normativa aplicable.	Verificación sobre a certificación da entidade certificadora de produción integrada y en su caso, mediante control terreo.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Comprobación (1) (PCI)	Descrición	Verificación e realizar	Control administrativo	Control terreo	Agricultura para a conservación da biodiversidade (AMBE)	Razas autóctonas en parquedeas explotación (PRA)	Xestións ecolóxicas de pastos (XSP)	Extracción de vexen de alta (EVL)	Conversión aplicación ecolóxica (CAE)	Conversión produción ecolóxica (COE)	Conversión ecolóxica (CAP)	Mantemento ecolóxica (MAE)	Mantemento ecolóxica (MAE)	Mantemento ecolóxica (MAE)	Zonas con limitacións naturais distintas de montaña	Zonas con limitacións naturais de montaña
C	Estar habilitado como produtor en el correspondiente registro de produtores autorizados para a produción de produtos que dominan del mismo.	Cruce con el registro subvencional de operadores de la producción integrada	S	N	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Cumplir el cumplimiento de la norma general y la especificación de cada cultivo a través de una entidad acreditada.	Verificación sobre la certificación de la entidad certificadora de la producción integrada y en su caso, mediante control terreo	S	N	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Aplicar los métodos de producción integrados en la explotación de la superficie declarada a la explotación destinada a la misma denominación productiva (cultivo y/o especie)	Verificación sobre la certificación de la entidad certificadora de la producción integrada y en su caso, mediante control terreo	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Disponer, al menos, de 2 ha de cultivos sujetos a los compromisos de este apartado	No se permiten las superficies de intabala declarada. Verificación en base a la superficie declarada, certificada y resultante de los controles. Sólo se contabiliza la superficie ubicada en Galicia	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Mismo a superficie comprometida	Os compromisos aplican a nivel de parcelas base e a superficie comprometida débese manter anualmente actualizada que se permite unha redución máxima do 10% da superficie comprometida inicialmente sempre e cando non se comprometa o logro do compromiso. Verifícase en base á declaración de superficie e no caso de ser necesario, a través de administracións e no seu caso sobre o terreo	S	S	-	-	-	-	X	X	-	X	X	-	-	-
L.R	Recibir unha produción mínima de 100 kg de produtos fitosanitarios recolectados no total L. contra 13.11/012, de 14 de setembro, polo que se estableceu o mínimo de produción para conseguir un nivel aceptable para produtos fitosanitarios		N	S	-	-	-	-	X	X	X	X	X	-	-	-
L.D	Módulo autorizado o respecto dos Interventos fitosanitarios, de acordo co establecido no artigo 16 do Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, e no artigo 3.4 do Orde APA31/2007, de 2 de febreiro		N	S	-	-	-	-	X	X	X	X	X	-	-	-
C	Módulo polo menos 100 hectáreas comprometidas en parcelas de cultivo designadas como zonas de montaña e que cumpran os requisitos de altura e inclinación establecidos no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se estableceu o mínimo de produción para conseguir un nivel aceptable para produtos fitosanitarios	Comprobación en SITRAN e na solicitude na que indican as coordenadas das parcelas que se comprometen e o número de parcelas comprometidas en cada colmar. Ademais tamén se verificará, no seu caso, mediante os controles sobre o terreo.	S	S	X	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
C	Módulo, en colmaras comprometidas, que como mínimo sexan 80 durante os anos que dura o compromiso. A superficie comprometida debe ser de 10 hectáreas e cumpran os requisitos de altura e inclinación establecidos no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se estableceu o mínimo de produción para conseguir un nivel aceptable para produtos fitosanitarios	Comprobación en SITRAN e na solicitude na que indican as coordenadas das parcelas que se comprometen e o número de parcelas comprometidas en cada colmar. Ademais tamén se verificará, no seu caso, mediante os controles sobre o terreo.	S	S	X	-	-	-	-	-	X	X	X	-	-	-
C	Sólo se contabilizarán parcelas as que cumpran os requisitos de altura e inclinación establecidos no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo menos 1 ha do resto das parcelas do mesmo beneficiario	Comprobación en SITRAN e na solicitude na que indican as coordenadas das parcelas que se comprometen e o número de parcelas comprometidas en cada colmar. Ademais tamén se verificará, no seu caso, mediante os controles sobre o terreo.	S	S	X	-	-	-	-	-	X	X	X	-	-	-
V	Incorporar a nivel de explotación con 10-11 explotacións e mínimo 1 ha do resto das parcelas do mesmo beneficiario	Se solicita esta submedida non pode solicitar ningunha de agroclima e clima agás Raza autóctona en perigo de extinción	S	N	-	-	-	-	X	X	X	X	X	-	-	-
V	Incorporar a nivel de explotación con 1-2 explotacións	Se solicita esta submedida non pode solicitar a submedida de mantemento da agricultura ecolóxica	S	N	-	-	-	-	X	X	X	X	X	-	-	-
C	Empregar as Memorias de explotación ecolóxica elaboradas no Regulamento (UE) 1317/2013 a través de produtores de produción	Verificación sobre a certificación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica e no seu caso mediante control terreo	S	S	-	-	-	-	X	X	X	X	X	-	-	-



Controlación (1) (2)	Descripción	Verificación a realizar	Control administrativo	Control interno	Agricultura para a conservación de variedades autóctonas (AMV)	Razas seleccionadas en parq. de extensión (PRA)	Variedades autóctonas de pastos (VAP)	Echada de aplicación de medidas (EAP)	Conversión agrícola ecolóxica (CAE)	Conversión ganadería ecolóxica (CGE)	Conversión agricultura ecolóxica (CAE)	Mantenimento agrícola ecolóxica (MAE)	Mantenimento ganadería ecolóxica (MGE)	Mantenimento agrícola ecolóxica (MAE)	Zonas con limitación de montañas	Zonas con limitación de montañas	Zonas con limitación de montañas	
C	Esta iniciais no correspondente a actividades de agricultura ecolóxica	Verificación sobre a certificación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica	S	N	-	-	-	-	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
C	Chave a certificación de produción agrícola como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) 853/2007	Verificación sobre a certificación do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica	S	N	-	-	-	-	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
C	En especies seleccionadas mantéñense polo menos 80 exemplares de variedades autóctonas e o número de variedades de cada especie e o número de exemplares en cada variedade. Ademais tamén se aplican, no seu caso, mediante os contratos de compra, as condicións de conservación das variedades autóctonas en Galicia.	Comprobación en SIFRUM e en base a solicitudes de pago que indican as variedades das variedades e o número de exemplares en cada variedade. Ademais tamén se aplican, no seu caso, mediante os contratos de compra, as condicións de conservación das variedades autóctonas en Galicia.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
V	Incompatibilidade a nivel de solicitanza con 1.1.1 (Conservación)	Se a solicitanza está sometida non pode solicitar a subvención de conversión á agricultura ecolóxica	S	N	-	-	-	-	-	-	-	X	X	X	-	-	-	
V	Verifica que o produto e variedades/espécies/ou raza declaradas ou indicadas no contrato de compra, non son compatibles co tipo de axuda.	Verificación mediante a aplicación informática de selección segundo o banco definido para ela, tendo en conta o resultado dos coitos sobre o tempo de ser o caso.	S	S	-	X	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
P	Explotación que teña polo menos o 30% da superficie ou das animais ou cabezas, no caso de non dispoñer de explotación, en condicións de montaña	Verificación en base a superficie agraria das explotacións e ca lista de parcelas cedidas como zonas de montaña, que figurará no RDR, e na lista animal que figura nestas mesmas explotacións	S	N	-	X	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
P	Explotación que teña polo menos o 20% da superficie ou das animais ou cabezas, no caso de non dispoñer de explotación, en condicións de montaña	Verificación a partir da información da solicitanza correspondente, a ubicación en Rede Natura 2000 mediante a información existente no SIGPAC	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
P	Menor proporción de superficie declarada de pastos, prados e explotacións, no caso de non dispoñer de explotación	En base a superficie declarada determinase para cada explotación a proporción de explotación agrícola sobre a explotación agrícola. Superficie agraria total da explotación	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
P	Menor número de unidades complementarias	Para cada explotación agraria en conta as unidades complementarias (PU, UCM, ou comedais) polo beneficiario mesa (1)	S	N	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	
R	En 2.1. N. = 0.7 UCMha en explotación e = 0.9 UCMha nas demais zonas con limitacións	A verificación fíxose como se indica: UCM Utilízase un valor medio calculado a partir das ceros genéticas das especies de bovino, caprino ou equino presentes na explotación en base á lista de solicitudes de explotacións (verificación de solicitudes) un día do mes e as ceros genéticas presentes na explotación, neste día de cada un das 6 primeiras meses de ano (xaneiro-xuño) sen que se teñan en conta para calcular en valor medio. Os ceros obtense do SIFRUM. En caso de estar un contrato sobre o valor medio, este valor medio será o que utilizará a súa correspondente ceros O cálculo do valor medio Superficie SIFRUM: toda a superficie da explotación co aproveitamento for necesario determinando as os contratos administrativos e no seu caso, las ceros sobre C limco O cálculo do valor medio reñido de 0,3 as superficies de pastos, prados e explotacións. O cálculo das explotacións de importe a pagar sobre a SAU cca de cada explotación determinada nos contratos na correspondente zona con limitacións naturais.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
R	Dispoñer dun mínimo de 2 ha de explotación agrícola ecolóxica e 1 ha de explotación correspondente a explotación correspondente	O cálculo das explotacións de importe a pagar sobre a SAU cca de cada explotación determinada nos contratos na correspondente zona con limitacións naturais.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
V	O importe das explotacións agrarias de 140 hectáreas de SAU, non se pagará como o importe sobre inferior a 25 hectáreas de SAU	O cálculo das explotacións de importe a pagar sobre a SAU cca de cada explotación determinada nos contratos na correspondente zona con limitacións naturais.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
V	O importe das explotacións agrarias de 200 hectáreas de SAU, non se pagará como o importe sobre inferior a 25 hectáreas de SAU	O cálculo das explotacións de importe a pagar sobre a SAU cca de cada explotación determinada nos contratos na correspondente zona con limitacións naturais.	S	S	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

(1) Campo obrigatorio.
R: Requisito, condición de admisibilidade
C: Compromiso
L: Litu de base
V: Verificación de limitacións de explotación
P: Campo de programación



ANEXO III

Criterios de risco

Nº ORDEN	CRITERIO	PUNTAJACIÓN MATRIA	DISTRIBUCIÓN DE PUNTOS / Aclaración	UTILIZAR EN SELECCIÓN PB	UTILIZAR EN SELECCIÓN GOBERNATIVO %	UTILIZAR EN SELECCIÓN ZLN	UTILIZAR EN SELECCIÓN PLURIANUAL	Nº ORDEN
1	Importe económico para pagos directos por superficies (PB y PV) a partir de derechos asignados en 2015	3	Estrat 1: 0 puntos (enqo deslucación preve en estado de esped). Estrat 2: 1 punto. Estrat 3: 3 puntos	SI	SI	NO	NO	1
2	Importe económico para ZLN: Importes pagados en campaña 2015	3	Estrat 1: 0 puntos (enqo deslucación preve en estado de esped). Estrat 2: 1 punto. Estrat 3: 3 puntos	NO	NO	SI	NO	2
3	Importe económico plurianual: Importes aprobados en campaña 2015	3	Estrat 1: 0 puntos (enqo deslucación preve en estado de esped). Estrat 2: 1 punto. Estrat 3: 3 puntos	NO	NO	NO	SI	3
4	Espad. con penalización en control terreno de admisión en años anteriores	10	Ver el cuadro (*) más abaixo	SI	SI	NO	SI	4
5	Espad. con asignación derechos PB e ingresos que no sean ayudas agr < 20%	10	10 puntos a todos los que están en esa situación	SI	SI	SI	SI	5
6	Intencionalidad en el año anterior	10	Se seleccionarán directamente en CT general y DR (si existen las respectivas solicitudes)	SI	SI	SI	SI	6
7	Sopacha del Servicio Provincial/Demarcación debidamente documentada y presentada antes de la selección de la muestra	15	Segun % de cultivo principal en 2014: >= 80% 15 puntos; < 80% y >= 60% 10 puntos	NO	SI	NO	NO	7
8	Espadientes que no cumplan con la diversificación en 2014	5	Segun % de cultivos individuales	NO	SI	NO	NO	8
9	Espadientes con pastos sensibles	5	Segun % de cultivos individuales	NO	SI	NO	NO	9
10	Pastos permanentes adosados de la explotación (distintos del municipio de la explotación y límites)	5	Segun % de cultivos individuales	SI	NO	SI	SI	10
11	Declaración de superficies de PR o PA mantenidas en estado adecuado mediante desbroce	5	Segun % de cultivos individuales	SI	NO	SI	SI	11
12	Espadientes con carga ganadera baja (< 0,1)	10	Segun % de cultivos individuales	SI	NO	SI	SI	12
13	Espadientes con TC > 10ha o eventos por % fuertes elevados (solo los producidos de los grupos de prados y pastos)	15	Carga ganadera (UGG/ha) < 0,1 3 puntos. Si además está afectado por ADB en 2015, 10 puntos en total	NO	NO	NO	SI	13
14	Espadientes interinos pero próximos a 10ha TC (y con > 20ha adm. forales)	15	% Fertilizante > 75% y/o 85% de la adm. forales 5 puntos	NO	NO	NO	SI	14
15	Parcelas declaradas con uso distinto de PR/PA y PS y con pendiente mayor de 10%	5	Espadientes con TC entre 8 ha y 10 ha 15 puntos	NO	NO	NO	NO	15
16	Espadientes con carga ganadera próxima al límite superior (2 UGG/ha)	5	Segun % de cultivos individuales	NO	NO	NO	SI	16

GRADO DE FINALIZACIÓN	
0	0
> 0 <= 13	5
> 13 <= 20	7
> 20 <= 29	10
> 29 <= 33	7
> 33 <= 40	5
> 40 <= 45	7
> 45 <= 50	4
> 50 <= 55	1
> 55 <= 60	4
> 60 <= 65	5
> 65 <= 70	5
> 70 <= 75	5

Cuadro (*) puntuación de riesgo de acuerdo a los años de cultivo de cada cultivo y la penalización resultante:

DISTANCIA EN AÑOS DESDE ÚLTIMO CONTROL ADMISIBILIDAD	PUNTAJACIÓN
1	0
2	-20
3	-18
4	-12
5	-8
6	-4
> 6	5



ANEXO IV

Instrucións para a realización dos controis sobre o terreo das medidas 10.1, 11 e 13

A duración dos controis sobre o terreo limitarase estritamente ao prazo mínimo necesario, de forma que queden concentrados no menor período de tempo posible.

Polo tipo de requisitos/compromisos e pola tipoloxía das explotacións de Galicia, en xeral nestas medidas serán necesarios controis de superficies e controis de animais e/ou de explotación (cadernos, rexistros, etc) polo que cando non poidan realizarse á vez, o control de animais/explotación realizarase primeiro para dispoñer de ata 14 días para o control de superficies. En calquera caso o aviso ou anuncio do control dos animais/explotación no caso de existir nunha excederá as 48 horas, agás nos casos debidamente xustificadas.

Instrucións para os controis de animais/explotación

Estes controis abranguen as seguintes comprobacións:

- Conteo de gando para a verificación da carga gandeira:

Realizárase nas explotacións con superficie forraxeira que solicitan a medida 13 e nas que solicitan as seguintes axudas plurianuais:

- Medida 10.1
 - Razas autóctonas en perigo de extinción (bovino, ovino-cabrún e equino)
 - Xestión sostible de pastos
 - Extensificación do vacún de leite
- Medida 11
 - Conversión á gandería ecolóxica
 - Mantemento da gandería ecolóxica

O control consistirá en facer un conteo dos animais bovinos, ovino-cabrúns e equinos presentes na explotación o día do control. Estes animais convertidos a UGM segundo o segundo o indicado no anexo II do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, permitirán verificar a coherencia cos censos considerados administrativamente para o cálculo do valor medio.

- Conteo dos animais de máis de 12 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira

Realizárase nas explotacións que solicitan a axuda de Extensificación do vacún de leite e consistirá en facer un conteo dos animais de máis de 12 meses presentes na explotación o día do control e que perlenzan a algunha das razas de aptitude eminentemente leiteira tal e como se definen na Orde de convocatoria. Estes animais convertidos a UGM segundo o segundo o indicado no anexo II do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, xunto co resultado do conteo para a verificación da carga gandeira permitirán verificar o compromiso de que as "UGM correspondentes aos animais de máis de 12 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira deberán ser, polo menos, o 70 % do total de UGM da explotación".

- Conteo das colmeas

Realizárase nas explotacións que solicitan as axudas de Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais, Conversión á apicultura ecolóxica e Mantemento da apicultura ecolóxica.

Este control consistirá en tomar as coordenadas (X,Y) de cada unha das alvarizas declaradas e en cada unha contar o número de colmeas existentes, o número de colmeas con actividade biolóxica e o número de colmeas con actividade biolóxica que están correctamente identificadas.

- Control dos animais de razas autóctonas en perigo de extinción

Realizarase nas explotacións que solicitan a axuda de Razas autóctonas en perigo de extinción.

O control realizarase de acordo co indicado no artigo 42 do Regulamento de Execución (UE) n.º 809/2014 e seguindo as instrucións que se recollen a continuación:

A execución destes controis require a cumprimentación da acta que corresponda en función da especie/s a controlar e ademais, na "OT de explotación agraria" que se fai coa aplicación informática SGAMcc no apartado de "Conteo de animais de razas autóctonas" indicarase o número de animais determinados no control para cada especie e raza e, de ser o caso, tramo de idade ou clase, obxecto destas axudas

Aspectos comúns destes controis

Preaviso do control. Pódese notificar previamente aos titulares das explotacións de que serán obxecto dun control, sempre que non comprometa o propósito do mesmo, e cunha antelación que non será superior ás 48 horas, salvo casos debidamente xustificadas, en cuxo caso quedará anotada a causa na acta de control.

Nos controis sobre o terreo destas axudas comprobarase que os criterios de admisibilidade, compromisos e outras obrigas se cumpren e abarcan a todos os animais das razas autóctonas en perigo de extinción polas que se solicita o pago, para elo será necesario comprobar a raza e, de ser o caso, o tramo de idade (bovino e equino) ou a clase (porcino e aves)

O control iniciarase facendo un **conteo** para comprobar que o número total de animais das razas autóctonas en perigo de extinción presentes na explotación, se corresponde co número de animais inscritos no libro da explotación, co número de documentos de identificación e co número de animais notificados á base de datos.

A continuación, de **todos os animais presentes** na explotación **das razas autóctonas en perigo de extinción** comprobarase a raza verificando a inscrición no correspondente libro xenealóxico e, de ser o caso, o tramo de idade (bovino e equino) ou a clase (porcino: porcas de cría > 50kg ou outros porcos, e aves: galiñas poñedoras ou outras aves de curral). No caso de detectar algunha incidencia nos datos pregravados na acta emendarase o/s dato/s correspondente e daráselle traslado de dita incidencia á autoridade competente en materia de identificación e rexistro animal aos efectos oportunos.

De seguido en dúas **mostras aleatorias** realizaranse as seguintes comprobacións:

a) Control documental:

Farase un control da parte documental, **comprobando a exactitude e a coherencia das anotacións no libro de rexistro e as notificacións á base de datos informatizada,** durante os 6 meses anteriores ao control, a partir dunha mostra de

xustificantes, como facturas de compra e venda, certificados de sacrificio, certificados veterinarios, documentos M.E.R. de retirada de cadáveres, documentos D.I.B. de identificación de bovino, etc.

O tamaño da mostra farase en función do número de anotacións (entradas) de animais presentes na explotación das razas autóctonas en perigo de extinción polas que se solicita o pago, feitas no libro de rexistro nos 6 meses anteriores ao control. Se se detectara calquera anomalía ou no caso de non existir anotacións (entradas) nos 6 meses anteriores ao control, o control ampliaríase aos 12 meses anteriores ao control. O tamaño da mostra determinarase segundo a táboa seguinte:

Número de anotacións feitas no libro nos 6/12 meses anteriores ao control:	Número de anotacións a comprobar:
Ata 10	Todas
Máis de 10	10 máis o 10% do número de anotacións

b) Control da identificación, pasaportes animais, anotacións no libro de rexistro e notificación á base de datos informatizada

No caso das razas autóctonas en perigo de extinción das **especies bovina, ovina-caprina e equina** comprobarase que os animais están identificados mediante marcas auriculares (crotais) ou outros medios de identificación (bolo ou transpondedor) e, no seu caso, contan con pasaportes animais ou documentos de traslado, están anotados no libro de rexistro e foron debidamente notificados á base de datos informatizada. Este control farase sobre unha mostra aleatoria segundo as táboas seguintes:

Bovino ou equino

Nº de animais de razas autóctonas na explotación	MOSTRA: Nº inicial de animais a controlar
Ata 26	Todos
27-30	26
31-40	31
41-50	35
51- 60	38
61-70	40
71-80	42
81-90	43
91-100	45
101-110	46
111- 130	47
131- 140	48
141- 150	49
151- 170	50
171- 200	51

201- 250	53
251- 300	54
301- 400	55
401- 700	56
701- 2000	57
>2000	58

Ovino-cabrún

Nº de animais de razas autóctonas na explotación	MOSTRA: Nº inicial de animais a controlar
Ata 40	Todos
40-50	35
51-60	38
61-70	40
71- 80	42
81-90	43
91-100	45
101-110	46
111- 130	47
131- 140	48
141- 150	49
151- 170	50
171- 200	51
201- 250	53
251- 300	54
301- 400	55
401- 700	56
701- 2000	57
>2000	58

No caso de que as comprobacións realizadas na mostra seleccionada poñan de manifesto a existencia de casos de incumprimento controlaranse todos os animais das razas autóctonas en perigo de extinción da explotación.

As irregularidades encontradas trasladaranse, aos efectos oportunos, aos xestores das axudas asociadas á gandaría.

Así mesmo, calquera incidencia en materia de identificación e rexistro trasladaráselle ao órgano especializado de control (Servizo de Gandaría) dos correspondentes requisitos no ámbito da condicionalidade.

No anexo I recóllense algunhas aclaracións sobre os prazos de notificación e métodos de identificación.

Aspectos particulares dos controis:

No caso das explotacións de bovino, ovino-cabrún ou equino será necesario comprobar que as superficies forraxeiras están dispoñibles para a cría do gando.

Unha vez cumprimentada a acta que corresponda en función da especie, procederase a indicar na “OT de explotación agraria” no apartado de “Conteo de animais de razas autóctonas” o número de animais determinados no control:

a) Bovino

O modelo de acta que se empregará será a “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de bovino en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima”. Aos efectos de cumprimentar apartado de “Conteo de animais de razas autóctonas” da “OT de explotación agraria” terase en conta o seguinte:

1. **Considéranse determinados** no control os animais dalgunha das cinco razas autóctonas en perigo de extinción (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa) que:
 - Estean **correctamente rexistrados** no libro da explotación e na base de datos informática e co DIB correcto.
 - Que **teñan os dous crotais**. Poderanse considerar tamén os animais que lles falte un crotal sempre e cando estean clara e individualmente identificados mediante os demais elementos de identificación e rexistro (base de datos, DIB e libro da explotación). Cando un único animal presente na explotación perdeu os dous crotais tamén se poderá considerar determinado sempre e cando poida ser identificado mediante os demais elementos de identificación e rexistro e sempre que o propietario poida aportar probas de que ten solicitados os crotais antes do anuncio do control sobre o terreo.
 - Os dous puntos anteriores daranse por cumpridos para todos os animais presentes se nas mostras do “Control documental” para verificar a exactitude e coherencia das anotacións e notificacións e do “Control da identificación, pasaportes animais, anotacións no libro de rexistro e notificación á base de datos informatizada” ou en calquera outra verificación realizada ao longo da execución do control non se atopa ningún caso de incumprimento.
 - Que **están inscritos no correspondente Libro xenealóxico da raza**
2. **Non se considerarán determinados** no control os animais afectados por calquera outra irregularidade: anotacións incorrectas no libro de rexistro ou nos DIB, ausencia de anotacións no libro de rexistro ou notificacións á BDI en prazo, etc.
3. Na “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de bovino en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima” o número de animais determinados no control por raza e tramo de idade indicaranse no punto 2.

b) Ovino-cabrún

O modelo de acta que se empregará será a “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de ovino-cabrún en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima”. Aos efectos de cumprimentar apartado de “Conteo de animais de razas autóctonas” da “OT de explotación agraria” terase en conta o seguinte:

1. **considéranse determinados** no control os animais das razas Ovella galega ou Cabra galega que:
 - Estén **correctamente rexistrados** no libro da explotación e na base de datos informática.
 - Que **teñan as dúas marcas auriculares ou marca auricular e bolo ruminal**. Poderanse considerar tamén os animais que lles falte unha marca auricular sempre e cando poidan ser identificados mediante a outra marca auricular ou o bolo e cumpran todos os demais elementos de identificación e rexistro (base de datos, documentos de traslado e libro da explotación).
 - Os dous puntos anteriores daranse por cumpridos para todos os animais presentes se nas mostras do “Control documental” para verificar a exactitude e coherencia das anotacións e notificacións e do “Control da identificación, pasaportes animais, anotacións no libro de rexistro e notificación á base de datos informatizada” ou en calquera outra verificación realizada ao longo da execución do control non se atopa ningún caso de incumprimento.
 - Que **estén inscritos no correspondente Libro xenealóxico da raza**
2. **Non se considerarán determinados** no control os animais afectados por calquera outra irregularidade: ausencia das dúas marcas auriculares ou da marca auricular e do bolo, anotacións incorrectas no libro de rexistro, etc.
3. Na “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de ovino-cabrán en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima” número de animais determinados no control por especie e raza indicaranse no punto 2.

c) Equino

O modelo de acta que se empregará será a “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de equino en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima”. Aos efectos de cumprimentar apartado de “Conteo de animais de razas autóctonas” da “OT de explotación agraria” terase en conta o seguinte:

1. **Considérense determinados** no control os animais que pertencen a Pura raza galega e que:
 - Estén **correctamente rexistrados** no libro da explotación e na base de datos de informática e cos DIE correctos.
 - Que teñan o **transpondedor ou crotal electrónico**.
 - Os dous puntos anteriores daranse por cumpridos para todos os animais presentes se nas mostras do “Control documental” para verificar a exactitude e coherencia das anotacións e notificacións e do “Control da identificación, pasaportes animais, anotacións no libro de rexistro e notificación á base de datos informatizada” ou en calquera outra verificación realizada ao longo da execución do control non se atopa ningún caso de incumprimento.
 - Que **estean inscritos no correspondente Libro xenealóxico da raza**
2. **Non se considerarán determinados no control** os animais afectados por calquera outra irregularidade.
3. Na “Acta de control da axuda aos gandeiros con razas autóctonas de equino en perigo de extinción. Medida de agroambiente e clima” o número de animais determinados no control por especie e raza indicaranse no punto 2.

- Control de explotación

Este control farase para verificar o compromiso de manter o caderno de explotación nas explotacións que solicitan as axudas de Xestión sostible de pastos ou de Extensificación do vacún de leite da medida 10.1 ou para verificar compromisos e liñas de base nas explotacións que solicitan as axudas da medida 11.

O mantemento do caderno debe poñer de manifesto que o beneficiario percibe un “asesoramento efectivo” por parte da entidade de aconsellamento (requisito para percibir estas axudas). Para dar por cumprido este requisito débense cumprir os puntos seguintes:

- O beneficiario deberá ter o caderno dispoñible no momento do control de campo para que os inspectores podan verificar e o seu contido. No caso de dispor de caderno “vía web”, o solicitante deberá ter a disposición un ordenador, conexión a internet, impresora ou outros medios auxiliares, para que o inspector poda verificar os datos e obter unha copia do mesmo no momento da inspección.
- O caderno debe conter os datos mínimos do Anexo XI da Orde do 31 de xaneiro de 2017. Estes contidos deberán permitir facer os cálculos necesarios da % cumprimento dos compromisos ata o momento da inspección.
- O caderno debe estar actualizado como mínimo trimestralmente para gandeiras e semestralmente para explotacións agrícolas e apícolas. Isto significa que o caderno e/ou os restantes medios de proba (actas de visita da entidade de aconsellamento, facturas,...) deben evidenciar as visitas dos técnicos á explotación dun xeito periódico que abranguen momentos críticos ou significativos en canto á orientación da explotación, por exemplo: nas apícolas en primavera e tras a esmelga e nas gandeiras unha por trimestre. En resumo, deberán evidenciarse que os técnicos visitaron as explotacións un mínimo de 4 veces ó ano agás nas apícolas que este mínimo será de 2 e tamén deberán evidenciarse os motivos da visita (inicial, seguimento, colleita, asesoramento condicionalidade, comprobación da aplicación de medidas correctoras,...).
- Os documentos de proba (caderno, actas de visita da entidade, ...) reflectirán, no caso de detectar algunha incidencia nalgún compromiso ou na condicionalidade, que o beneficiario foi informado/formado na materia onde se detecta a incidencia, polo que, de chegar a producirse un incumprimento nalgunha obriga, non é causa dunha ausencia ou deficiencia no servizo de aconsellamento prestado.
- Os documentos de proba reflectirán o aconsellamento ó longo de todo o ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro). No caso de solicitantes incluídos na mostra de control terreo, estarán obrigados á presentación no SSTT do Fogga, o caderno completo (con datos dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano en curso) antes do 31 de xaneiro do ano seguinte, que permitan verificar inequivocamente o cumprimento dos compromisos ó longo de todo o ano, así como calquera outra documentación complementaria que lle sexa solicitada co para o mesmo fin (actas de visita, facturas,...)

Na seguinte táboa recóllese a relación de verificacións a realizar en función da liña de axuda solicitada

	COMPROBACION	LIÑA DE AXUDA SOLICITADA
1.-	¿Dispón do carné de manipulador de produtos fitosanitarios (só se fai tratamentos con produtos fitosanitarios)?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
2.-	¿Toma medidas para evitar a contaminación das masas de auga e da auga potable (solo se ten recintos con masas de auga ou próximos a masas de auga)?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
3.-	¿Respecta as prácticas obrigatorias en canto a manipulación e almacenamento de produtos fitosanitarios, envases e restos de fitosanitarios?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
4.-	Os equipos de aplicación de fitosanitarios ¿están inscritos no ROMA e teñen as inspeccións periódicas de ser o caso?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
5.-	¿Respecta a prohibición de facer aplicacións aéreas con produtos fitosanitarios?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
6.-	¿Mantén actualizado o libro de tratamentos fitosanitarios, según RD1311/2012 e APA/326/2007?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
7.-	Caderno de explotación (I): ¿Dispón de caderno e contén o contido mínimo establecido na Orde e está cumprimentado?	XSP, EVL
8.-	Caderno de explotación (II): ¿O rexistro de pastoreo está actualizado (contén rexistros recentes)?	XSP, EVL
9.-	Caderno de explotación (I): ¿Dispón de caderno e contén o contido mínimo establecido na Orde e está cumprimentado?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
10.-	Caderno de explotación (II): Está actualizado (contén rexistros recentes)?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
11.-	¿Respecta a prohibición de non empregar radiacións ionizantes, OGM's, cultivo hidropónico e tratamentos hormonais?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
12.-	No caso de producións paralelas, ¿as plantas son de variedades distintas facilmente distinguibles e os animais de especies distintas?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
13.-	Non almacéns ¿respeciase a obriga de non ter insumos non permitidos en agricultura ecolóxica (fertilizantes, fitosanitarios, piensos, medicamentos, sementes, ect.) ou contan coa autorización pertinente para o seu emprego?	CAE, MAE, CGE, MGE
14.-	En canto ós insumos empregados ou por empregar, ¿está debidamente documentada a súa procedencia (facturas, certificados e volantes de circulación) e o transporte e almacenamento dos mesmos é acorde coa normativa?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
15.-	No caso de facer aportes externos para a fertilización das parcelas, ¿fácese de acordo co Anexo I do R 889/2008?	CAE, MAE, CGE, MGE
16.-	De ser o caso, o nitróxeno aportado ¿respeita o máximo de 170Kg /Ha/ ano?	CAE, MAE, CGE, MGE
17.-	No caso de empregar fitosanitarios para o mantemento da sanidade vexetal, ¿fáise de acordo co Anexo II do R 889/2008?	CAE, MAE, CGE, MGE
18.-	Os aloxamentos e instalacións gandeiras ¿cumpren o estipulado no Anexo III do R 889/2008 e no caso de mamiños a superficie empaillada non supera o 50%?	CGE, MGE
19.-	O gando introducido na explotación ¿provén de explotacións ecolóxicas ou cumpre coas excepcións permitidas pola norma?	CGE, MGE, CAP, MAP
20.-	Os alimentos empregados, ¿proceden de agricultura ecolóxica ou figuran nos anexos V e VI do R 889/2008?	CGE, MGE
21.-	¿O aprovisionamento de alimentos cubre a ración dos animais e a ración cubre as necesidades de produción dos mesmos?	CGE, MGE
22.-	No caso de herbívoros, ¿polo menos o 60% dos alimentos provén da explotación e o 60% da materia seca da ración está constituída por forraxes?	CGE, MGE
23.-	No caso de empregar medicamentos veterinarios alopatóxicos de síntese, ¿fáise según prescripción veterinaria, só nos casos contemplados pola norma, respetando os tempos de espera e o nº de tratamentos aplicados por animal (max 3 no ano/animal)?	CGE, MGE
24.-	Os manexos dos animais é acorde a norma (non se mutilan os animais, non permanecen atados ou contan con autorización para o atado, os tenreiros de máis dunha semana non permanecen aliados individualmente, o tempo de cebo non supera os 2/5 da vida do animal ou un máx de 3 meses, respectanse as idades mínimas de sacrificio, non se destrúen as abellas cando se fai a recolección dos produtos das colmeas)?	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
25.-	No caso da apicultura, ¿no entorno de 3 Km das alvarizas non hai fontes de contaminación significativas e as fontes de polen e nectar son fundamentalmente silvestres?	CAP, MAP
26.-	As colmeas están feitas con materiais que non supoñan riscos de contaminación e a cera dos cadros novos é ecolóxica?	CAP, MAP
27.-	En apicultura ¿deixanse suficientes reservas de mel e polen para o inverno para non ter que recurrir a alimentación artificial ou de recurrir a alimentación artificial esta non é proteica?	CAP, MAP
28.-	No caso de facer tratamentos con produtos alopatóxicos de síntese nas colmeas, ¿fáise con produtos autorizados pola norma e coas medidas de manexo pertinentes?	CAP, MAP

XSP: Xestión Sostible de Pastos

CGE: Conversión Gandería Ecolóxica

EVL: Extensificación Vacuín de Leite

MGE: Mantemento Gandería Ecolóxica

CAE: Conversión Agricultura Ecolóxica

CAP: Conversión Apicultura Ecolóxica

MAE: Mantemento Agricultura Ecolóxica

MAP: Mantemento Apicultura Ecolóxica

Instrucións para os controis de superficies (parcelas agrícolas)

Ademais das instrucións xerais para o control de superficies, nas parcelas haberá que facer unha serie de comprobacións específicas no caso das explotacións que soliciten axudas das medidas 10.1 e 11. En concreto as comprobacións a realizar en función da liña de axuda solicitada son as que se indican na seguinte táboa:

COMPROBACIÓN	Parcelas	Liñas axuda solicitadas
1.- ¿Respectase a prohibición de empregar lodos en todas as parcelas da explotación?	Todas solicitude	FRA, EVL, XSP, PI, CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
2.- ¿Hai indicios de pastoreo (cercados, pastores, dexeccións...)?	So parcelas con actividade declarada "Pastoreo"	XSP, EVL
3.- ¿As masas de auga (pozos, fontes, ríos, estanques,...) máis próximas están fóra do recinto e a unha distancia de máis de 50 m a calquera punto do borde do recinto?	Todas solicitude	CAE, MAE, CGE, MGE, CAP, MAP
4.- ¿Realiza unha xestión mínima das terras adicadas a cultivos para limitar a erosión (BCAM5)?	Parcelas de campo en recintos >1ha e con pendente superior a 15%, con produtos de campo admisibles para pago básico pero distintos de pastos permanentes e de hierbas u outras forraxes herbáceas	XSP, EVL
5.- Nas parcelas de cultivo ¿non hai risco de contaminación provinte das parcelas colindantes ou establecéronse medidas para evitar dita contaminación?	Todas solicitude	CAE, MAE, CGE, MGE
6.- O control da vexetación adventicia ¿faise con medios mecánicos ou térmicos (non emprego de herbicidas)?	Todas solicitude	CAE, MAE, CGE, MGE

Nas preguntas 1, 2, 4, 5 e 6 cando a resposta sexa NON implicará ou poderá implicar un incumprimento do correspondente requisito ou compromiso. No caso da pregunta 3 unha resposta NON será unicamente un indicador da proximidade de masas de auga e podería servir para complementar a verificacións que sobre este aspecto xa se fan no control da explotación descrito con anterioridade.